

2024

PRESCRICIÓNS COMÚNS 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1: CAMPIONATOS.

ARTIGO 2: ASPIRANTES.

ARTIGO 3: DEFINICIÓN.

ARTIGO 4: PRBAS PUNTUABLES E ASPIRANTES.

ARTIGO 5: CAMBIO DE DATA DUNHA PROBA PUNTUABLE.

ARTIGO 6: ANULACIÓN DUNHA PROBA PUNTUABLE.

ARTIGO 7: REGULAMENTOS PARTICULARES.

ARTIGO 8: SEGUROS.

ARTIGO 9: PUBLICIDADE.

ARTIGO 10: INSCRICIÓN.

ARTIGO 11: VERIFICACIÓN.

ARTIGO 12: PARQUE PECHADO.

ARTIGO 13: PARQUE TRABALLO.

ARTIGO 14: REPOSTAXE.

ARTIGO 15: CONTROL MÉDICO.

ARTIGO 16: OFICIAIS DA PROBA.

ARTIGO 17: RECLAMACIÓN E APELACIÓN.

ARTIGO 18: ACTAS, CLASIFICACIÓN E DOCUMENTOS DA PROBA.

ARTIGO 19: PARTICIPACIÓN E RESULTADOS.

ARTIGO 20: PREMIOS.

ARTIGO 21: APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN DOS REGULAMENTOS.

ARTIGO 22: RESPONSABILIDADE DOS ORGANIZADORES.

ARTIGO 23: NORMATIVA XERAL DE OBRIGADO CUMPRIMENTO.

ARTIGO 24: DEREITOS DE IMAXE.

ARTIGO 25: PROTOCOLO DE ATENCIÓN DE PARTICIPANTES A PRENSA.

ARTIGO 26: ACREDITACIÓN DE PRENSA.

ARTIGO 27: ACREDITACIÓN PERMANENTES.

ANEXOS.

ANEXO I: LICENZAS.

ARTIGO 1: CAMPIONATOS.

A F.G.A. establece para o presente ano os seguintes Campionatos e Copas de Galicia.

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre Asfalto.
- Campionato de Galicia de Rallyes de Vehículos Históricos.
- Campionato de Galicia de RallyMix (Clase A e Clase B).
- Campionato de Galicia de Montaña de Carrozados/ Non Carrozados.
- Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross.
- Campionato de Galicia de Karting.
- Campionato de Galicia de Slalom.
- Campionato de Galicia de Rallysprint.
- Campionato de Galicia de Regularidade 4x4.
- Campionato de Galicia de Mix Rallye.

1.1 A F.G.A. resérvase, en exclusiva, o dereito de ligar o nome dunha Empresa ou Organización comercial a un Campionato, Copa ou Trofeo de Galicia.

1.2 As Copas, a celebrar dentro dos anteriores Campionatos, serán as seguintes:

- Copa de Galicia de Rallyes sobre Asfalto para Pilotos.
- Copa de Galicia de Rallyes sobre Asfalto para Copilotos.
- Copa de Galicia de Rallyes de Vehículos Históricos para Pilotos.
- Copa de Galicia de Rallyes de Vehículos Históricos para Copilotos.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.
- Copa de Galicia de Rallyes para Escuderías.
- Copa de Galicia de Rallyes para marcas de pneumáticos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Copilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Agrupación 1, 2, 3, 4, 5 e 6.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías.
- Copa de Galicia de RallyMix para Marcas.
- Campionato de Galicia de Montaña de Carrozados para Pilotos.
- Campionato de Galicia de Montaña de Non Carrozados para Pilotos.
- Copa de Galicia de Montaña Clases 1, 2, 3, 4, 5A, 5B, 5C, 6, 7, 8, 9 e 10.
- Campionato de Galicia de Autocross Clase I (-1600 c.c.) de estrita serie.
- Campionato de Galicia de Autocross Clase II (de -1600 c.c. e de +1600 c.c.).
- Campionato de Galicia de Autocross Clase III (CARCROSS).
- Campionato de Galicia de Autocross Clase IV (GRUPO P).
- Campionato de Galicia de Autocross Clase V (JUNIOR CARCROSS).
- Campionato de Galicia de Autocross Clase VI (Super Buggy-Buggy 1600cc).
- Campionato de Galicia de Autocross Clase VII (Tracción Traseira).
- Copa de Galicia de Autocross-Rallycross para Escuderías.
- Copa de Galicia de Karting de KZ2.
- Copa de Galicia de Karting de KZ.
- Copa de Galicia de Karting de SENIOR.
- Copa de Galicia de Karting de JUNIOR.
- Copa de Galicia de Karting de MINI NOVEL.
- Copa de Galicia de Karting de MIN.
- Copa de Galicia de Karting de ROOKIE.

- Copa de Galicia de Karting para Escuderías.
- Copa de Galicia de Sláalom.
- Copa de Galicia de Sláalom para Escuderías.
- Copa de Galicia de Sláalom para a Agrupación 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.
- Copa de Galicia de Sláalom para Copa Debutantes.
- Copa de Galicia de Rallysprint.
- Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.
- Copa de Galicia de Trial 4x4.

ARTIGO 2: ASPIRANTES.

Considéranse Aspirantes ás Copas e Campionatos de Galicia:

2.1 Piloto: Persoa que participa nunha proba automobilística conducindo un automóbil, provista dunha licenza de piloto válida para a tempada en curso, expedida nas condicións establecidas no Anexo I.

Para a práctica do automobilismo en todas as súas modalidades, a excepción de circuitos, autocross-rallycross, rallymix, mix rallye slalom e karting, será preciso que o piloto (conductor) esté en posesión durante todo o desenrolo da competición, -ademáis da licenza federativa apropiada para cada especialidade-, da preceptiva e adecuada autorización administrativa para conducir (permiso de conducción), segundo o disposto na lexislación vixente.

Non obstante, o anterior:

2.1.1 Na especialidade de Rallyes.

Un piloto que non estivera en posesión da preceptiva e adecuada autorización administrativa para conducir (permiso de conducción) poderá seguir tomando parte na competición, sempre que o seu copiloto sexa quen conduza o vehículo en todos os tramos de enlace que transcurran por vías públicas abertas á circulación normal do tráfico, e sempre e cando se dé algún de estos dous supostos:

- a. Que o piloto aínda non teña permiso de conducción válido en España, porque non alcanzou a idade mínima para obtelo.
- b. Que o piloto, -a pesar de ter a idade mínima para obter o permiso de conducción válido en España-, non dispoña do mesmo dentro dos 180 días seguintes á data do seu 18 cumpleaños.

2.1.2 Na especialidade de Montaña.

Si fora necesario que o vehículo de competición circulara por algún sector da vía pública aberto ó tráfico, entre o tramo de carreira e a zona de asistencia mecánica, ou viceversa, deberá facelo en condicións especiais de control do organizador e dos axentes de control do tráfico, debido a que incluso poidera ser un vehículo non apto para la circulación normal polas vías públicas, e en consecuencia, o seu conductor poderá non estar en posesión dun permiso de conducir.

2.1.3 No caso de que un piloto se vira afectado por una Sentencia Xudicial que prohíba ó afectado a conducción de todo tipo de vehículos de motor durante un tempo determinado, ou que perdera a vixencia do mesmo pola perda total de puntos, implicará a inmediata suspensión da validez da súa Licencia Federativa Deportiva, e a consecuente prohibición de participación en competicións deportivas de automobilismo, en cualquiera especialidade. Nestes supostos, o piloto deberá notificar a existencia de esta prohibición á FGA inmediatamente. No caso de non facerlo podrá ser sancionado con Traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

2.2 Copilotos: Persoa que participa nunha proba automobilística formando equipo co piloto, provista dunha licenza de piloto ou copiloto válida para a tempada en curso, expedida nas condicións establecidas no Anexo I.

2.3 Concursante: Persoa física ou xurídica que participa nunha proba automobilística, provista dunha licenza de concursante válida para a tempada en curso, expedida nas condicións establecidas no Anexo I.

2.4 Calquera dos tripulantes do vehículo asumirá a condición de representante do concursante, a todos os efectos, salvo presenza expresa dunha persoa física que acredite debidamente a representación do concursante.

ARTIGO 3: CUMPRIMENTO DAS PRESENTES PRESCRICIÓN COMÚNS E REGULAMENTOS DEPORTIVOS DAS DIFERENTES COPAS E CAMPIONATOS DE GALICIA.

3.1 As presentes prescricións, así como os regulamentos deportivos dos diferentes Campionatos, Copas e Trofeos de Galicia, son de obrigado cumprimento para equipos, comités organizadores e oficiais.

3.2 No suposto en que existan contradicións entre diferentes regulamentos, aplicarase o regulamento correspondente a competición de maior rango.

ARTIGO 4: PROBAS PUNTUABLES E ASPIRANTES.

4.1 Non poderá ser organizada ningunha competición automobilística no territorio da Comunidade Autónoma Galega, sen o correspondente Permiso de Organización expedido pola F.G.A. Non se expedirá o Permiso de Organización, nin se permitirá calendar unha proba na Asemblea Extraordinaria convocada ao efecto, sen o previo abono dos dereitos de calendario. Tampouco se permitirá calendar unha proba se a entidade organizadora mantén débedas líquidas, vencidas e esixibles, tanto coa F.G.A., coma con deportistas ou clubs en concepto de premios derivados de competicións celebradas en calquera momento anterior.

4.2 Serán puntuables para os distintos Campionatos e Copas establecidos, as probas que se especifican en cada un dos Regulamentos Xerais dos mesmos.

4.3 As probas non puntuables para un campionato e que pretendan selo no ano seguinte, deberán someterse a preinspección da proba pola F.G.A., previa solicitude do seu comité organizador. A F.G.A. poderá designar a un observador Federativo, que terá acceso libre e expedito a tódalas zonas reservadas da proba, habilitándose incluso un espazo dentro da caravana de seguridade. A F.G.A. resérvase o dereito a calendar ou rexeitar probas que proveñan de outras categorías, ou non calendaras previamente en tempadas anteriores.

4.4 Salvo autorización da F.G.A., estará prohibida a utilización da denominación "GRAN PREMIO".

4.5 Non se poderá calendar ningunha proba cando quede por celebrar a última do calendario da especialidade.

ARTIGO 5: CAMBIO DE DATA DUNHA PROBA PUNTUABLE.

A F.G.A. non aceptará o cambio de data de celebración dunha proba que non esté motivado por unha causa de forza maior. Os eventuais cambios que poidan xurdir, serán aprobados baixo criterio exclusivo da Comisión Delegada da F.G.A.

ARTIGO 6: ANULACIÓN DUNHA PROBA PUNTUABLE.

6.1 A falta de motivo suficiente para a anulación dunha proba, poderá levar consigo a non inclusión de dita proba no Calendario Deportivo do ano seguinte, a criterio exclusivo do órgano competente da F.G.A.

6.2 No caso de ser anulada unha proba puntuable para algún Campionato ou Copa, poderá ser substituída por outra, a exclusivo criterio da Comisión Delegada da F.G.A. Se debido a tódalas anulacións, descendera o número total de probas puntuables por debaixo do mínimo esixido no Regulamento Xeral do Campionato ou Copa en cuestión, a Comisión Delegada da F.G.A. poderá modificar o número das probas retidas e incluso, declarar deserto o correspondente Campionato ou Copa.

ARTIGO 7: REGULAMENTOS PARTICULARES.

7.1 Os proxectos de Regulamentos Particulares de cada proba, deberán ser presentados polo comité organizador na F.G.A., completos, con toda a documentación que se establece no Regulamento Xeral de

PRESCRICIÓN COMÚNS 2024

cada Campionato, cunha antelación mínima de 70 días á data de celebración da proba. O incumprimento deste artigo poderá dar lugar á anulación da proba, á perda de dereitos de calendario na vindeira tempada, a perda de toda subvención ou axuda económica con calquera orixe tramitada pola F.G.A., e a apertura dun expediente sancionador polo Tribunal de Apelación da F.G.A.

7.2 O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A., ó Regulamento Xeral do Campionato ou Copa, ou ó regulamento particular "tipo" publicado pola F.G.A., que deberán ser obxecto dunha solicitude debidamente motivada. A F.G.A. aprobará ou rexeitará ditas disposicións, ó seu exclusivo criterio. Non se aprobará disposición algunha contraria ó Código Deportivo Internacional.

7.3 Nos 7 días posteriores á recepción do proxecto de Regulamento Particular, a F.G.A. comunicará ó Organizador as modificacións e correccións a implementar, previamente á súa aprobación. Unha vez implementadas, a F.G.A. procederá á súa aprobación.

7.4 O Regulamento Particular definitivo deberá ser publicado polo Comité Organizador da proba, como mínimo 30 días antes da data de celebración.

7.5 O Comité Organizador non poderá incluír no Regulamento Particular, ningunha Copa, Trofeo ou Fórmula de Promoción, que non estea previamente autorizada pola F.G.A.

7.6 Tódalas informacións e precisións adicionais non incluídas no Regulamento Particular da proba, serán comunicadas en Complementos, numerados e datados. En caso de ser previos á celebración da proba, os complementos serán enviados á F.G.A. para a súa aprobación. Durante a celebración da proba, os complementos serán aprobados polo Colexio de Comisarios Deportivos, para a súa posterior publicación. Tras a aprobación dun complemento, deberá ser inmediatamente publicado no Taboleiro Oficial de Avisos da Proba (Sportity ou similar), con que se terá por notificado a tódolos efectos.

7.7 Non se aprobará modificación de ningunha clase ó Regulamento Particular mediante complemento, se non cumpre as a normativa xeral da F.G.A., as presentes Prescricións Comúns, o Regulamento Xeral do Campionato ou Copa, e o C.D.I.

ARTIGO 8: SEGUROS.

8.1 O Comité Organizador, xunto coa súa solicitude de aprobación do Regulamento Particular da proba, deberá acompañar a solicitude de adhesión ó seguro de responsabilidade civil de subscripción obrigatoria, tramitado pola F.G.A.

8.2 O Regulamento Particular de cada proba incluírá unha copia do certificado de seguro de Responsabilidade Civil.

8.3 Para poder obter o Certificado de Seguro da Proba, as entidades organizadoras deberán aboar á F.G.A., con carácter previo e na súa totalidade, o importe total do seguro, que se calculará en atención ó número de vehículos inscritos, máis os gastos de xestión administrativa de conformidade coa factura que se emita ó efecto pola F.G.A.

8.4 A F.G.A. non expedirá o Certificado de Seguro sen o previo abono da totalidade das facturas que se emitan tanto en concepto de alugueres de material, como en calquera outro concepto.

8.5 O pago efectuarase mediante ingreso directo na conta corrente con IBAN nº: ES45 0182 4730 3702 0162 4559, B.B.V.A., a favor da Federación Galega de Automobilismo. O xustificante de pago acompañará en todo caso e sen excepción, á comunicación da proposta de lista de inscritos para a súa aprobación pola F.G.A.

8.6 De non efectuarse os abonos nas condicións indicadas en este artigo, a F.G.A. revocará o permiso de organización da proba, e dará traslado ó Tribunal de Apelación para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

8.7 Será denegada a saída ós vehículos que non presenten certificado da I.T.V. e Seguro Obrigatorio de Accidentes en vigor, coas excepcións das modalidades de Montaña, Rallymix e disciplinas celebradas en circuito cerrado.

8.8 En caso de accidente con danos a persoas ou bens, o concursante deberá comunicalo por escrito ó Director de

Carreira, coa maior rapidez, e nun prazo máximo de 24 horas.

8.9 Os concursantes e tripulacións, polo feito de solicitar a súa inscrición nunha proba, eximen de toda responsabilidade ó Comité Organizador da proba e a F.G.A. en caso de accidente, e renuncian a formular reclamación algunha contra os mesmos, por tódolos conceptos relacionados co accidente.

ARTIGO 9: PUBLICIDADE.

9.1 Admitirase a publicidade, sempre e cando non sexa ofensiva nin inxuriosa, sobre os automóbiles participantes, así como as que poidan contratar os organizadores sobre vallas, bancadas, podios, regulamentos, impresos, etc.

9.2 A publicidade sobre os vehículos deberá respectar a parte da carrozaría destinada ós números e placas de competición, así como dos espazos destinados ás fórmulas oficiais de promoción, non debendo, en ningún caso, dificultar a correcta visión de ningún destes.

9.3 Quedan prohibidos os paneis publicitarios que ocasionen modificación da carrozaría ou do perfil dos vehículos, ou que constitúan saíntes da mesma. Igualmente, queda prohibido calquera tipo de publicidade luminosa, reflectinte, ou nas superficies de vidro (a excepción de que sexa a publicidade do organizador da proba)

9.4 Os organizadores poderán ofrecer ós participantes publicidade contratada por eles, quedando estes na liberdade de aceptala ou non, agás a ligada ós números e/ou placas de competición, que terán a obrigação de aceptar.

9.5 Os organizadores non poderán intervir sobre a publicidade que poidan levar os vehículos ou os participantes, nin poderán opoñerse a ela, agás as decisións que poidan tomar os Comisarios Deportivos ante unha infracción das presentes prescricións comúns, ou dos regulamentos xerais de cada Campionato ou Copa.

9.6 Se un organizador impuxese publicidade optativa, deberá precisar no regulamento particular da proba aprobado pola F.G.A. a forma do adhesivo, tamaño, cores, e os lugares onde debe ir situada no vehículo, sempre respectando os espazos e tamaños especificados no Regulamento Xeral de cada disciplina.

9.7 Os números e placas de competición son irrenunciabes a tódolos efectos so pena de descalificación, sendo considerados publicidade obrigatoria. No caso de que un equipo participante opte por non colocar no seu vehículo a publicidade optativa, abonará o dobre do importe dos dereitos de inscrición.

9.8 A publicidade vinculada ó patrocinio oficial dun Campionato, Copa ou Challenge será obrigatoria con carácter prioritario para os participantes no mesmo. As súas características e emprazamentos serán precisados pola F.G.A. ó aprobar o concerto publicitario, ben como parte integrante ou como Anexo ó Regulamento Xeral do Campionato ou Copa en cuestión. Queda terminantemente prohibido, en tódalas Copas ou Fórmulas de Promoción, portar publicidade do mesmo sector dos patrocinadores das mesmas. Por exemplo: Se unha marca de pneumáticos ou de distribución de recambios patrocina un Campionato, unha Copa ou Fórmula de Promoción, non se poderá poñer publicidade de outra marca de pneumáticos nin de outra distribuidora de recambios, so pena de exclusión da copa.

9.9 Todo comité organizador dunha proba puntuable para un Campionato ou Copa de Galicia, acepta obrigatoriamente a publicidade Institucional concertada pola F.G.A., e os seus emprazamentos obrigatorios. O incumprimento deste apartado implicará a súa exclusión inmediata de dita proba do Campionato e Copas de Galicia, a perda de todo tipo de subvencións e axudas económicas pactadas e/ou tramitadas pola F.G.A. durante dous anos, e a apertura dun expediente sancionador polo Tribunal de Apelación da F.G.A.

9.10 Será obrigatoria para os Organizadores de probas en Galicia, incluír os logotipos da Xunta de Galicia - Deporte Galego, o logotipo da F.G.A., do emblema do Campionato da tempada en curso, e dos patrocinadores do Campionato ou Copa, na totalidade da documentación da proba (regulamentos particulares, complementos, comunicados, comunicados de prensa, etc.) e na totalidade dos soportes publicitarios (carteis, podio de saída, etc.)

ARTIGO 10: INSCRICIÓN.

10.1 No Regulamento Particular de cada proba farase constar claramente o importe dos dereitos de inscrición, aceptando a publicidade optativa e sen aceptala, ademais do importe dos localizadores GPS. O importe da inscrición sen aceptar a publicidade optativa, será o dobre do importe en caso da súa aceptación.

10.2 No día seguinte ó peche de inscrición, o Comité Organizador da proba enviará á F.G.A. unha proposta de lista de inscritos ordenada e numerada. No transcurso do día seguinte, a F.G.A. aprobará dita lista podendo facer os cambios que considere oportunos. A F.G.A. enviará a Lista Oficial de Inscritos Aprobada o Comité Organizador para a súa publicación. Unha vez aprobada a Lista de Inscritos, soamente o Colexio de Comisarios Deportivos poderá modificar a orde de saída.

10.3 En todo caso, a adxudicación dos números e a orde de saída deberá respectar a orde seguinte:

- a) Campión de Galicia na tempada anterior (Dorsal 1).
- b) Orde de clasificación na tempada en curso (Dorsais 2 ó 6). Na primeira proba do campionato, utilizarase a orde de clasificación da tempada anterior.
- c) A normativa específica para o outorgamento de números de saída para as fórmulas de promoción.

10.4 En supostos debidamente xustificadas (como pode ser a participación dun equipo de recoñecidas e notorias prestacións ou palmarés), poderase alterar a orde establecida no punto anterior.

10.5 Non se admitirá a inscrición de concursantes nin tripulantes que non estean en posesión da correspondente licenza de conformidade co Anexo I das Prescricións comúns.

ARTIGO 11: VERIFICACIÓN.

11.1 Será obrigatoria para todos os vehículos superar unha verificación técnica e administrativa con carácter previo ó inicio da proba. Ó rematar a proba, terán lugar as verificacións técnicas finais, unicamente para os vehículos que decida o Colexio de Comisarios Deportivos.

11.2 O único responsable da conformidade do vehículo coa normativa técnica, deportiva e, de ser o caso, de circulación de vehículos a motor pola vía pública, é o concursante, sen que se poda esixir ningunha clase de responsabilidade ós oficiais encargados das verificacións, baixo ningún concepto.

11.3 As Verificacións Técnicas previas á saída deberán versar, principalmente, sobre as medidas de seguridade, cumprimento do Anexo J ó C.D.I., e o cumprimento da Regulamentación Técnica da F.G.A. e dos seus Campionatos e Copas. De detectarse algunha anomalía nas verificacións previas, o Concursante poderá solicitar por escrito ó Colexio de Comisarios Deportivos, unha segunda verificación técnica previa. De ser aprobada a solicitude, a verificación terá lugar, como máximo, unha hora antes da hora límite de entrada no parque pechado establecido no regulamento particular da proba.

11.4 Os participantes que se presenten á verificación técnica despois da súa hora fixada, poderán ser sancionados a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos.

11.5 Se nas verificacións técnicas previas ó inicio da proba, un vehículo non correspondera coas características do Grupo, Clase ou Agrupación nos cales se inscribiu, este vehículo poderá ser transferido por decisión dos Comisarios Deportivos ó Grupo, Clase ou Agrupación que lle corresponda.

11.6 Todo vehículo que despois de verificado, sufra calquera tipo de alteración que afecte á súa legalidade ou seguridade, deberá ser presentado de novo á verificación dos Comisarios Técnicos.

11.7 O Colexio de Comisarios Deportivos poderá autorizar a realizar verificacións de oficio en calquera momento da proba.

11.8 A verificación final de oficio deberá fixarse nos requirimentos técnicos do vehículo e o cumprimento coa Regulamentación Técnica da F.G.A., na medida requirida pola Clase, Grupo ou Copa/Trofeo no que estivese inscrito.

11.9 O rexeitamento a someterse a calquera verificación técnica de oficio (itinerante ou final), implicará

a inmediata descalificación da proba, e a apertura dun expediente sancionador polo Tribunal de Apelación da F.G.A.

11.10 O Delegado Técnico da F.G.A. remitirá un informe ó Director de Carreira e ós Comisarios Deportivos das verificacións previas, no que especifiquen o número de vehículos verificados, o número de vehículos que superaron as verificacións, detallará os vehículos que non superaron as verificacións explicando os motivos, e a poder ser, acompañará fotografías dos elementos non conformes.

11.11 O Delegado Técnico da F.G.A. remitirá outros dous informes escrito ó Director de Carreira e ó Colexio de Comisarios Deportivos, especificando en cada un o resultado das verificacións itinerantes, e das verificacións técnicas finais.

11.12 No acto da verificación será necesaria a presenza dun membro do equipo, que facilitará os útiles precisos a requirimento dos comisarios técnicos.

11.13 As Organizacións deberán prever un espazo apropiado para as verificacións finais, preferiblemente un taller mecánico próximo.

11.14 No intre das verificacións dos cascos colocáraselle a cada un destes un adhesivo na que se faga referencia á edición do rallye e cas palabras CASCO VERIFICADO. Ditos adhesivos deberán ser visibles dende fóra do vehículo para calquera eventual comprobación por parte dos Comisarios Técnicos da proba. O equipamento de seguridade do piloto e copiloto (mono, cascos, etc.), poderán verificados en calquera momento.

11.15 Prohíbese entrar a tódolos vehículos sobre os remolques a ditas verificacións, tendo estes que entrar a verificar rodando, cos números e publicidade da proba correctamente pegadas. Tódolos vehículos carrozados, e non carrozados, deberán presentarse coa súa correspondente ficha de homologación ou pasaporte administrativo expedido pola F.G.A. se procede.

11.16 Pesaxe dos vehículos. Os Comisarios Técnicos poderán facer a pesaxe (en calquera momento e lugar da proba) dos vehículos nas condicións de carreira, debendo facer dita operación no menor tempo posible. Os resultados da pesaxe así como a hora e a data nas que tivo lugar serán entregados ó piloto, que firmará unha copia para o Comisario Técnico. O equipo que sexa requirido para realizar a pesaxe do seu vehículo, debe colaborar para que se realice nas mellores condicións, e baixo as seguintes normas mínimas:

- Apagar o motor.

- A pesaxe poderase realizar:

- a)** Vehículo con piloto e copiloto a bordo.

- b)** Vehículo sen piloto e copiloto a bordo.

- As pesaxes itinerantes faranse con piloto e copiloto. Os Comisarios Técnicos poderán realizar en ocasións excepcionais, pesaxes do vehículo sen piloto nin copiloto a bordo.

- A pesaxe deberá ser realizada únicamente en presenza do equipo correspondente e dos comisarios técnicos encargados do mesmo. Con obxecto de que os equipos participantes poidan coñecer o peso dos seus vehículos antes da saída da proba, poderán poñeranse a disposición dos interesados nas verificacións técnicas previas as básculas oficiais da F.G.A. As básculas da F.G.A. serán as únicas válidas, e as súas medicións serán inapelables, admitindo unha tolerancia no peso do 2% sobre o valor do peso mínimo establecido para o vehículo en cuestión, redondeando o primeiro decimal por defecto si é do 1 ó 4, ou por exceso no caso que sexa do 5 ó 9.

ARTIGO 12: PARQUE PECHADO.

12.1 Os parques pechados estarán especificados no regulamento particular da proba.

12.2 No interior do parque pechado quedará prohibido acceder, manipular, ou realizar calquera comprobación ou reparación no vehículo, salvo autorización dos Comisarios Deportivos ou Técnicos.

12.3 Os Parques Pechados estarán correctamente valados para que non poidan acceder persoas non autorizadas.

12.4 Os Parques Pechados serán controlados polos oficiais da proba reflexados no regulamento particular para tal efecto.

12.5 Apertura do parque pechado. A apertura do parque pechado será sempre comunicada a través dunha Decisión do Colexio de Comisarios Deportivos. Os vehículos participantes non poderán abandonar dito parque ata a publicación de dita decisión. Todo equipo que retire o seu vehículo antes da apertura oficial do parque pechado, será descalificado automaticamente da proba.

ARTIGO 13: PARQUE TRABALLO.

13.1 Os organizadores terán que designar obrigatoriamente parques de traballo, nos seus regulamentos particulares, estando prohibida toda asistencia ou intervención no vehículo fora do Parque de Asistencia, agás o repostaxe nas gasoleiras marcadas no road book da proba. Os organizadores tomarán as medidas necesarias de control das asistencias ilegais.

13.2 Os P.T. deben estar emprazados en espazos pavimentados, con luz artificial, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que estea limitado e controlado o paso do público.

13.3 Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados.

13.4 Nos P.T. deberánse prever servizos de WC e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos.

13.5 O emprazamento dos P.T. debe ser único, debendo ter una entrada e saída única e común para tódolos participantes.

13.6 A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. nunca será superior a 30km/h, podendo ser controlada, quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado poderá ser motivo de sanción a criterio dos Comisarios Deportivos, e traslado ó Tribunal de Apelación da F.G.A. para a apertura de expediente disciplinario.

13.7 O Organizador deberá remitir á F.G.A. o plano do Parque de Traballo para a súa aprobación, que incluíra o lugar asignado a cada vehículo. Os equipos que compartan asistencia deberán informar previamente ó Comité Organizador da proba para facilitar a elaboración do parque de traballo.

13.8 Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a asistencia nas mesmas condicións encontradas á súa chegada, depositando o lixo nos contedores situados no propio P.T.

13.9 Vehículos admitidos nun Parque de Traballo: os vehículos admitidos dentro do parque de traballo estarán especificados no regulamento xeral de cada disciplina, e deberán portar en todo caso, un distintivo facilitado polo comité organizador.

14. REPOSTAXE (REFUELLING).

14.1 Os equipos só podrán repostar nas zonas de repostaxe que se establezcan no regulamento particular da proba, e nas gasoleiras indicadas no libro de ruta.

14.2 Cando así o indique o Regulamento Xeral do Campionato, o Comité Organizador habilitará unha zona exclusiva para repostaxe, unha vez superado o C.H. de saída do Parque de Asistencia.

14.3 De habilitarse unha zona de repostaxe, sexan ou non exclusivas para esta función, cumpriranse, como mínimo, os requisitos seguintes:

- a) Estará prohibido fumar e manipular terminais telefónicos na zona de repostaxe;
- b) Habilitarase unha dotación de bombeiros con acceso a toda a zona de repostaxe;
- c) O vehículo repostará co motor parado;
- d) Piloto e copiloto esperarán fora do vehículo;
- e) Os membros do equipo que realicen as labores de repostaxe deberán contar obrigatoriamente con licenza de asistencia en vigor.
- f) Está terminantemente prohibido realizar calquera tipo de intervención no vehículo diferente ó repostaxe mentres se efectúa éste.

14.3 Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, deberá levarse a cabo por gravidade ou bombas manuais, para o que se recomenda a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos e respiradoiros. Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante, poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante toda a operación.

ARTIGO 15: CONTROL MÉDICO.

Tanto a F.G.A. como o Colexio de Comisarios Deportivos poderán realizar controis antidopaxe en calquera momento do desenrolo da proba, ou facer pasar ós pilotos un exame médico, control alcoholemia, análise de sangue ou similares. A negativa a realización de calquera control médico suporá a descalificación inmediata da proba, e o traslado do informe ó Tribunal de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

ARTIGO 16: OFICIAIS DA PROBA.

16.1 A composición do cadro de oficiais do regulamento particular estará especificada nos Regulamentos Xerais de cada especialidade, sendo obrigatorio o seu cumprimento para a súa aprobación.

16.2 As funcións dos oficiais da proba serán as establecidas no C.D.I.

16.3 Os oficiais que se relacionan a continuación deberán acreditar a superación de un curso de oficiais correspondente ó seu cargo, aprobado pola F.G.A. ou pola RFEDA, como requisito obrigatorio para figurar no cadro de oficiais dunha proba puntuable para un Campionato ou Copa de Galicia:

- Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos;
- Director de Carreira;
- Relacións cos concursantes;
- Delegado Técnico;
- Secretario da Proba;
- Xefe de Seguridade;
- Xefe de Cronometraxe;

16.4 O Regulamento Xeral de cada Campionato ou Copa establecerá os oficiais que serán nomeados directamente pola F.G.A.

ARTIGO 17: RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS.

17.1 Será de aplicación na súa integridade o establecido no C.D.I.

17.2 A caución por reclamación quedará fixada en 1.000 €.

17.3 A caución de apelación quedará fixada en 1.500 €.

17.4 Os importes das caucións se aboarán mediante transferencia bancaria á conta corrente con IBAN nº: ES45 0182 4730 3702 0162 4559, B.B.V.A., titularidade da F.G.A., nos prazos establecidos ó efecto no C.D.I.

ARTIGO 18: ACTAS, CLASIFICACIÓNS E DOCUMENTOS DA PROBA.

18.1 Unha vez publicada a Clasificación Final da proba, o comité organizador entregará ó observador da F.G.A., o dossier coa totalidade dos documentos oficiais orixinais da proba.

ARTIGO 19: PARTICIPACIÓNS E RESULTADOS.

19.1 A efectos de clasificación final do Campionato ou Copa, o feito de tomar a saída, considerarase como unha participación e á vez como un resultado, aínda que este sexa cero puntos, por non finalizar a proba.

19.2 Os Regulamentos Xerais de cada Campionato e Copa establecerán os requisitos para entender

tomada a saída a efectos deportivos.

ARTIGO 20: PREMIOS.

20.1 Os premios entregaranse por Clasificación Xeral e Agrupacións, segundo o regulamento xeral de cada disciplina. Será obrigatoria a presenza dos equipos gañadores ó completo (Piloto e Copiloto) para poder recollelo premio e/ou trofeo no lugar e hora estipulados, salvo causa de forza maior, debidamente xustificada. En caso de non presentarse, perderán o dereito ó premio e/ou trofeo.

20.2 Será obrigatorio seguir as regras establecidas para o protocolo da entrega de premios.

20.3 Prohíbese o acceso ó podium de calquera persoa allea á cerimonia, incluídos familiares, nenos, patrocinadores, etc.

ARTIGO 21: APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN DOS REGULAMENTOS.

21.1 A Xunta Directiva da F.G.A. é o órgano cualificado para resolver as dúbidas que puideran xurdir na aplicación ou interpretación das presentes Prescricións Comúns, e dos Regulamentos Xerais dos Campionatos, Copas e Trofeos de Galicia.

ARTIGO 22: RESPONSABILIDADE DOS ORGANIZADORES.

22.1 Unha vez aprobado por parte da F.G.A. o Regulamento Particular da proba, e formalizados todos aqueles requisitos previos requiridos para obter os permisos deportivos e administrativos, os Comités Organizadores das probas asumen expresamente todas as responsabilidades que se deriven da celebración da proba, tanto de carácter deportivo, como de carácter civil, penal, administrativo ou de calquera outra índole, con absoluta integridade da Federación Galega de Automobilismo.

ARTIGO 23: NORMATIVA XERAL DE OBRIGADO CUMPRIMENTO.

23.1 Se algún participante interrompe intencionadamente unha carreira e ocasiona un prexuízo claro para o resto dos participantes, incluído o suposto de avaría ou accidente, os Colexios de Comisarios Deportivos confeccionarán un informe sobre os feitos, que aclare o grado de implicación de cada equipo, e procederá ó seu traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para a apertura dos correspondentes expedientes sancionadores.

23.2 Está terminantemente prohibido transportar no vehículo a calquera persoa allea a súa tripulación, incluíndo os parques de traballo.

23.3 Será obrigatorio, por parte das organizacións, que todos os seus membros estean debidamente identificados mediante colgantes acreditativos durante a celebración da proba.

ARTIGO 24. DEREITOS DE IMAXE.

24.1 A solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G.A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión, de forma expresa e gratuíta, de todo dereito de imaxe nas competicións oficiais da Federación Galega de Automobilismo, para a súa promoción e venda, e para a difusión pública do Automobilismo Deportivo Galego.

ARTIGO 25: PROTOCOLO DE ATENCIÓN DE PARTICIPANTES Á PRENSA.

25.1 Recoméndase a designación dun espazo delimitado, no recinto onde finalice a proba, para facilitar a atención ós medios por parte dos participantes. No seu defecto, levarase a cabo en calquera outro lugar que se considere axeitado. En todo caso, será de obrigado cumprimento, por parte dos participantes e respectando a seguinte orde de preferencia, á atención a medios:

1º Medios de prensa acreditados pola F.G.A.;

2º Medios de prensa acreditados polo Comité organizador.

ARTIGO 26: ACREDITACIÓN DE PRENSA.

26.1 A acreditación de prensa permanente, válida en todas as probas que se celebren nos distintos Campionatos e Copas de Galicia, será a expedida pola propia F.G.A.

26.2 O Comité Organizador de cada proba habilitará formulario para a acreditación de prensa de periodistas que carezan da acreditación expedida pola F.G.A., que deberá estar pechado tres días antes da celebración da proba. Este rexistro deberá ser enviado ó departamento de comunicación da F.G.A. para a aceptación ou rexeitamento das acreditacións.

26.3 Todo aquel que non dispoña da acreditación non poderá acceder aos espazos reservados para tal efecto.

ARTIGO 27: ACREDITACIÓN PERMANENTES.

A F.G.A. expedirá acreditacións permanentes dos seguintes tipos:

- Oficiais Permanentes
- Xunta directiva da F. G. de A.
- Institucionais
- Prensa

As acreditacións permanentes terán libre acceso a tódalas zonas de todas as probas que formen parte dos Campionatos e Copas de Galicia, sen ningún tipo de restrición.

ARTIGO 28. APLICACIÓN NORMATIVA SUPLETORIA.

Para calquera cuestión non regulada nas presentes Prescricións Comúns, aplicaranse supletoriamente, e sempre que non contradiga precepto algún dos contidos nestas Prescricións Comúns, e/ou nos Regulamentos Xerais de cada Campionato e Copa, e nos Regulamentos Particulares de cada proba, as Prescricións Comúns publicadas pola RFEDA vixentes na tempada que corresponda.